

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36009998	CEIP de Mosteiro-Bembrive	Vigo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	4º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	3
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	8
4.2. Materiais e recursos didácticos	8
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	9
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
6. Medidas de atención á diversidade	10
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	12

1. Introducción

Esta programación levarase a cabo dende a área de Proxecto Competencial, cun grupo de 22 alumnos/as de cuarto de educación primaria.

Dita programación estará enfocada ao desenvolvemento das competencias transversais a través dunha metodoloxía que teña como obxectivo final reforzar a autoestima, a reflexión e a responsabilidade.

Desenvolverase en tres unidades didácticas repartidas nos tres trimestres, atendendo aos obxectivos xerais de área establecidos no punto 2.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Igualdade de xénero	Analizaremos a situación pasada (avoas/avós), presente (nais/pais) e futura (nenos/as), profundizaremos na linguaxe que empregamos no patio, no parque, ... para referirnos as rapazas; nas imaxes e linguaxe da publicidade, ...	30	12	X		
2	Coidamos a nosa saúde	Trataremos a saúde e benestar físico, mental e social. Partindo dun pequeno análise dos hábitos saudables que debemos	40	13		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Coidamos a nosa saúde	ter en conta: hixiene, exercicio físico, alimentación,... continuaremos comentando e recoñecendo as nosas emocións e como as expresamos e, para rematar faremos un pequeno percorrido polas habilidades sociais que empregamos.	40	13		X	
3	A diversidade: inclusión	Recoñecer que todas as persoas teñen habilidades e potencialidades propias e que as habilidades de cada un son distintas as dos demais. Tentaremos sensibilizar ao alumnado para que sexa consciente do impacto transformador da inclusión e para que asuma o compromiso de actuar na medida das súas posibilidades para lograla.	30	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Igualdade de xénero	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Identificar o tema principal.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Valorar os recursos empregados.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar a información necesaria.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Secuenciar as actuacións necesarias no tempo precisado.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solucionar os imprevistos atopados.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións previstas no tempo estipulado.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar os recursos e os materiais previstos.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Comunicar as incidencias xurdidas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto final.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal axeitada.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal acorde no discurso.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar emocións positivas e controlar as negativas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos no proxecto		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
2	Coidamos a nosa saúde	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Identificar o tema principal.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Valorar os recursos empregados.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar a información necesaria.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Secuenciar as actuacións necesarias no tempo precisado.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solucionar os imprevistos atopados.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas no tempo previsto.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Comunicar as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto final.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal axeitada.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal acorde no discurso.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar emocións positivas e controlar as negativas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos no proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
3	A diversidade: inclusión	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Identifica o tema principal.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Valorar os recursos empregados.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar a información necesaria.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Secuenciar as actuacións necesarias no tempo precisado.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solucionar os imprevistos atopados.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións previstas no tempo estipulado.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar os recursos e os materiais previstos.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Comunicar as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto final.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal axeitada.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal axeitada no discurso.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas e controlar as negativas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos no proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles.

Contidos

- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levaranse á cabo:

-Actividades que partan da observación directa e a escoita activa. Introduciremos cada tema cunha curtometraxe, cun fragmento dun libro, cunha noticia,... que recolla os valores que se traballarán posteriormente en cada unidade. Unha vez feito isto iniciaremos un diálogo que permita extraer as ideas principais e obter conclusións.

-Prácticas de traballo individual e en equipo. Utilizaranse distintas técnicas de traballo cooperativo.

-Tres proxectos ao remate de cada trimestre:

- No primeiro trimestre elaborarán un cartel, no que a iguldade de xénero será o núcleo central, empregando distintas técnicas plásticas; Rematarán a actividade facendo unha exposición oral utilizando como eixe o produto elaborado.

- No segundo trimestre prepararán unha pequena dramatización para mostrar algún aspecto relevante do tema tratado. Previamente escribirán o guión, seleccionarán os elementos que poidan necesitar así coma o vestuario (no caso de precisalo).

- No terceiro trimestre realizaremos unha revista en gran grupo no que serán fundamentais as aportacións individuais para logra o produto final. Elixiremos de xeito democrático as diferentes seccións que deben aparecer: entrevista a algunha persoa relacionada co tema, relatar experiencias vividas poñéndonos no lugar doutra persoa, opinións recollidas no patio,...

-Todas as prácticas realizadas facilitarán o desenvolvemento persoal, a toma responsable de decisións, a cooperación e a solidariedade coa finalidade de aprender a resolver conflitos de forma reflexiva, a dialogar para mellorar, a respectar os valores universais, a crear un sistema de valores propio e a participar na vida cívica de forma pacífica e democrática.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais

Recursos persoais: Todo o profesorado e as familias que poidan contribuír nun momento determinado a elaboración dos proxectos programados.

Recursos materiais: Caderno de aula e, para elaboración dos proxectos, material funxible variado e bibliografía específica para cada tema.

Recursos tecnolóxicos: Ordenador e proxectos para a visualización das curtometraxes.

Recursos dixitais: Emprego de tablets ou ordenadores para a búsqueda da información que necesiten para a elaboración dos distintos proxectos.

Recursos espaciais: O Proxecto Competencial traballarase, principalmente, na biblioteca do centro e, ocasionalmente, na aula Steam, na aula de Música e na aula de Usos Múltiples.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial na área de Proxecto Competencial levarase á cabo na primeira sesión conxunta, no inicio das clases.

Farase unha pequena entrevista persoal para ter a primeira toma de contacto co grupo, coa finalidade de coñecer ao alumnado e os seus intereses para na medida do posible incorporalos nos tres núcleos temáticos que se desenvolverán ao longo do curso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	40	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Tendo en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, as táboas de indicadores serán os seguintes:

-Listas de cotexo e escalas de observación. Estas táboas avaliarán a escoita activa, a participación, o esforzo, a colaboración, o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir instrucións e o traballo realizado en distintas prácticas escritas.

Estes indicadores sumarán o 80% da nota final de cada trimestre.

-Ao rematar cada trimestre elaborárase un único proxecto final que sumará o outro 20% da nota final. Para avaliar estes proxectos utilizarase unha táboa de indicadores que teñan en conta: o esforzo, a participación e colaboración cos compañeiros no caso de proxecto grupais, a expresión oral e corporal e a creatividade.

A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando as seguintes porcentaxes: o 30% corresponderá á 1ª avaliación, o 30% á 2ª avaliación e o 40% á 3ª avaliación.

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior ca cinco.

Criterios de recuperación:

A avaliación na etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha cualificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

6. Medidas de atención á diversidade

Nos primeiros días farase unha avaliación inicial para coñecer as posibles necesidades de atención individualizada e profesional para o alumnado e solicitar dita axuda ou formular as posibles actividades que deban facer os titores e/ou o profesorado que traballa co grupo.

Tomaranse medidas ordinarias para prever, compensar e facilitar a superación de dificultades leves, adecuando o currículo ordinario co fin de que o alumnado alcance as capacidades establecidas nos obxectivos xerais de nivel. Estas medidas poderán ser: optimizar espazos, tempos, recursos materiais, priorizando e seleccionando obxectivos e contidos mínimos e utilizando estratexias metodolóxicas que favorezan a participación e autonomía.

Poderán, tamén, desenvolverse medidas singulares onde se farán actividades de reforzo por parte do profesorado que imparte a asignatura, profesorado especialista, ou profesorado de P.T.

Como medidas específicas, teranse en conta os programas de inmersión lingüística, alumnado con discapacidade física, psíquica, altas capacidades, programas de habilidades sociais, estimulación, resolución de conflitos,... Será necesaria unha organización flexible para atender estas dificultades.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Museo Liste, Biblioteca Juan Compañel, Centro de Interpretación Illas Atlánticas, Museo Illa de Toralla, A Reconquistiña.	X	X	X
Saídas á contorna	Excursión de fin de curso, probablemente, ao Lago Castiñeiras.			X
Conmemoracións	Día das bibliotecas escolares, Día da Paz, Entroido, Día da Muller, Día do Libro e Día do medio ambiente.	X	X	X
Charlas formativas	Propostas do Concello de Vigo		X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Descritores e desempeños competenciais
Metodoloxía empregada
Participación activa de todo o alumnado.
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Atención aos elementos transversais plantexados.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Recursos variados e adaptados ao alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
Realización de tarefas.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.
Coordinación entre o equipo docente.

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase á cabo a través da aplicación PROENS. Utilizarase o diario de clase como rexistro do seguimento da actividade lectiva. Calquera modificación na programación quedará reflectida na memoria final de curso, con propostas de mellora para o vindeiro curso. Este seguimento, revisión e avaliación atenderá a:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporización das unidades didácticas.
- Coordinación entre todo o equipo docente que imparte unha mesma materia.
- Seguimento trimestral dos resultados de avaliación do alumnado, facendo modificacións e propoñendo melloras para uns bos resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados